

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 23 DE XULLO DO 2026.**

ASISTENTES:

Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑIZ MUÑIZ ELADIO	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL BRION SANTAMARIA JUANA MARIA
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Vinte e tres de Xullo do Dous mil vinte e seis, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 17/07/2026

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202607/235

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/07/2026. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE MADEIRA E PARAFUSOS PARA A RENOVACIÓN DA PASARELA DO CARREIRO POR PARTE DO OBRADOIRO "TAHUME XI""



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202607/241

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 15/07/2026. DECRETO: "ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "CONTRATACIÓN DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA DE CAFÉ QUIJANO PARA FESTAS DE VERÁN RIBEIRA 2026""

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202607/310

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 20/07/2026. DECRETO: "APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN/DUNHA PROFESOR/A DE MÚSICA NA ESPECIALIDADE DE VIOLÍN, PARA O CMUS PROFESIONAL DO CONCELLO DE RIBEIRA"

5.-RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á TOMA DE COÑECEMENTO E PRESTAR CONFORMIDADE AO INICIO DE ACTIVIDADE - ENROMERKIMA S.L.

FINALIDADE DA LICENZA DE ACTIVIDADE: Lavandería autoservicio e máquinas automáticas de vending, (epígrafes IAE 647.5 e 971.1).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Consolidado con aplicación da Ordenanza 1ª Residencial Intensiva Colectiva en Manzana

REFª CATASTRAL: 8481114MH9087N0001QI.

SITUACIÓN: Rúa do Porto nº 3, Baixo, Aguiño, Ribeira

PROMOTOR/A: ENROMERKIMA S.L. (CIF B-55490320).

DODUMENTACIÓN INICIO DE ACTIVIDADE: Proxecto de adecuación de local para instalación de lavandería autoservicio e máquinas automáticas de vending visado polo COATIE de Pontevedra o día 27 de xuño de 2024, redactado polo enxeñeiro industrial D. Sergio Mayoral Soria, (col. 1.060) / Anexo I ao Proxecto con sinatura Dixital de día 2 de setembro de 2024 / Anexo II ao Proxecto con sinatura Dixital de día 1 de outubro de 2024 / Certificado Final de Obra redacto polo arquitecto técnico Sr. Pablo Vidal González con sinatura dixital de 20 de xaneiro de 2026.

VISTA a comunicación previa de obra menor presentada pola entidade **ENROMERKIMA, S.L. (CIF B-55490320)**, para o **inicio de actividade de local de lavandería autoservicio e máquinas automáticas de vending, (epígrafes IAE 647.5 e 971.1)**, en instalacións sitas na Rúa do Porto nº 3, Baixo, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8481114MH9087N0001QI, achegándose Proxecto de adecuación de local para instalación de lavandería autoservicio e máquinas automáticas de vending visado polo COATIE de Pontevedra o día 27 de xuño de 2024, Anexo I ao Proxecto con sinatura Dixital de día 2 de setembro de 2024, Anexo II ao Proxecto con sinatura Dixital de día 1 de outubro de 2024 redactados polo enxeñeiro industrial D. Sergio Mayoral Soria, (col. 1.060) así como Certificado Final de Obra redacto polo arquitecto técnico D. Pablo Vidal González con sinatura dixital de 20 de xaneiro de 2026.

CONSIDERANDO que de acordo coa Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade



económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando os concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades, e da documentación obrante no expediente

VISTO o informe emitido polo arquitecto técnico municipal o día 2 de febreiro de 202

VISTO o informe emitido polo técnico de administración xeral adscrito ao departamento de urbanismo en relación ao inicio da actividade con sinatura de día 18 de febreiro de 2026.

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data 18 de febreiro de 2026,

EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e prestar conformidade á comunicación previa de obra menor e inicio da actividade presentada pola entidade **ENROMERKIMA, S.L.**, para local de lavandería autoservicio e máquinas automáticas de vending, (epígrafes IAE 647.5 e 971.1), en instalacións sitas na Rúa do Porto nº 3, Baixo, Aguiño, Ribeira, en parcela con refª catastral nº 8481114MH9087N0001QI, nos termos do Proxecto de adecuación de local para instalación de lavandería autoservicio e máquinas automáticas de vending visado polo COAATIE de Pontevedra o día 27 de xuño de 2024, Anexo I ao Proxecto con sinatura Dixital de día 2 de setembro de 2024, Anexo II ao Proxecto con sinatura Dixital de día 1 de outubro de 2024 redactados polo enxeñeiro industrial Sr. Sergio Mayoral Soria, (col. 1.060) así como Certificado Final de Obra redacto polo arquitecto técnico Sr. Pablo Vidal González con sinatura dixital de 20 de xaneiro de 2026.

SEGUNDO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

TERCEIRO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

CUARTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos



municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

13209 02.06.2026 JOSÉ ANDRÉS RAMOS PAZ, substitución de cuberta, no lugar de Bretal, nº 211, Olveira. (2026 COMU000239)

7.- LICENZA MUNICIPAL PARA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR: AVDA DE FERROL , Nº 113, 115, RIBEIRA. PROMOTORA: MARÍA DEL PILAR PÉREZ SAMPEDRO

VISTA a solicitude de licenza urbanística para REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, no lugar de AVDA DE FERROL, Nº 113, 115, RIBEIRA da que é promotora DNA. MARÍA DEL PILAR PÉREZ SAMPEDRO.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal o día 12 de maio de 2026.

VISTO o informe emitido pola enxeñeira municipal o día 28 de maio de 2026 en relación á fianza para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en de 526,58 €.

VISTO que o promotor o día 1 de xuño de 2026 depositou nas arcas municipais a fianza de 526,58 € establecida polo arquitecto municipal para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa.

VISTO o informe xurídico favorable emitido polo técnico de Administración xeral adscrito ao Departamento de Urbanismo con sinatura dixital o día 4 de xuño de 2026.

E

VISTO o informe do secretario xeral da Corporación de data 4 de xuño de 2026, EXAMINADA a documentación que lle acompaña ó resto do expediente considérase que a tramitación do mesmo realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a Dna. M^a del Pilar Pérez Sampedro LICENZA DE OBRAS (Nº 28/26)



para **REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR** sita na Avda de Ferrol nº 113-115, Ribeira, en parcela resultante da Escritura de formalización de agrupación por antigüidade e declaración de ampliación de obra, autorizada pola notario de Ribeira Dña.María-Covadonga Vázquez López o día 12 de marzo de 2026, nos termos do Proxecto Básico con sinatura dixital de día 20 de outubro de 2025, Anexo ao Proxecto Básico con sinatura dixital de día 11 de maio de 2026 redactado por Dna. Mª del Carmen Gago Fernández, (arquitecto col. nº 2.498):

- Previo ao inicio das obras deberase contar coa aprobación municipal do proxecto de execución que desenvolva o proxecto básico de referencia. No dito proxecto de execución comprobarase que se xustifican todas as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade segundo require o art.349 do RLSG.

-Deberá adaptarse ás demas determinacións establecidas polo arquitecto municipal no seu informe de data 12 de maio de 2026.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- En atención ao artigo 23 da Lei de 19 de decembro, do emprendimento e da competitividade económica de Galicia, non é preciso no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a necesidade de obtención de licenza municipal de actividade, apertura ou funcionamento para a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, velando o concellos polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal comprobarán, controlarán e inspeccionarán as actividades.

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación*



- do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, d e conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
 - *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
 - *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
 - *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
 - *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
 - *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
 - *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
 - *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
 - *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

SEXTO:- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo



de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-NOTIFICAR o presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

8.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA (Nº 744/2006). CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE DEZAOITO (18) VIVENDAS, ROCHOS E GARAXES - INVERSIONES AREEIROS S.L.

ACORDO CONCESIÓN LICENZA INICIAL: XUNTA DE GOBERNO LOCAL 7 DE DECEMBRO DE 2006

UBICACIÓN: LUGAR DE AREEIROS, CASTIÑEIRAS, RIBEIRA

PROMOTOR INICIAL: CONSTRUCURROS S.L.

PROMOTOR ACTUAL: INVERSIONES AREEIROS S.L (CIF B70857180)

En relación co expediente relativo ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA URBANÍSTICA nº 744/2006** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE DEZAOITO (18) VIVENDAS, ROCHOS E GARAXES**, no lugar de **AREEIROS, CASTIÑEIRAS (RIBEIRA)** do que é promotora a entidade **INVERSIONES AREEIROS S.L (CIF B70857180)** (anterior titular: **CONSTRUCURROS S.L.:** **Acordo Xunta de Goberno Local de 7 de decembro de 2006**).

EXAMINADA a documentación que lle acompaña, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- TOMAR COÑECEMENTO e **PRESTAR CONFORMIDADE** ao **CAMBIO DE TITULARIDADE DA LICENZA nº 744/2006** para **CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIO DE DEZAOITO (18) VIVENDAS, ROCHOS E GARAXES**, no lugar de **AREEIROS, CASTIÑEIRAS (RIBEIRA)** en



parcela con refª catastral nº 15074A921011380000US, da que é promotora a entidade **INVERSIONES AREEIROS S.L (CIF B70857180) (anterior titular: CONSTRUCURROS S.L.: acordo Xunta de Goberno Local de 7 de decembro de 2006)**, e segundo escritura pública de compravenda de inmobles outorgada perante o Notario de Boiro D. José Prieto Luengo o día 28 de xuño de 2024.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmobles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- *Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- *Acta de recepción de edificio terminado.*
- *Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- *Certificado de eficiencia enerxética.*
- *Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.*
- *Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*



- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Resíduos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederá con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SIXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ás entidades interesadas para a súa constancia i efectos oportunos

DÉCIMO SEGUNDO:-Comunicalo presente acordo ós Departamentos Municipais de Urbanismo e Medio Ambiente para a súa constancia.

9.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Anxo Silva Sánchez

Visto o escrito presentado por **Anxo Silva Sánchez**, de data 15/07/2026 (Rexistro de entrada nº 17.388), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A940005180000UM.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 17/07/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202600017388 do día 15 de xullo de 2026.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE



- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitude de información urbanística dunha parcela indicando a súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencias catastral 15074A940005180000UM, no seu plano 8.39. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Sirves), a escala E:1/2.000 coma solo de núcleo rural en áreas medio consolidadas (SNR-B), artigo 134 do PXOM

As condicións desta Ordenanza son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural en áreas medio consolidadas, S.N.R.B., artigo 134 do PXOM:**

Comprende esta norma as áreas de solo dos núcleos rurais anexas ás zonas consolidadas, que non chegan a definir claramente unha trama de edificacións, pero onde a edificación está ocupando ata un 50% das parcelas próximas ás aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.

O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados coas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS



A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroadada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 500 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie.

Fronte mínima: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas permitirase a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. (e se cumpran o resto das condicións de edificación).

CONDICIÓN DE OCUPACIÓN

Posición: Conservaranse as existentes, podendo o Concello establecer o seu reaxuste ou recuado a través das figuras de planeamento previstas para este fin, cando poida derivarse mellora para as condicións do espazo público e para as condicións de edificación das parcelas.

En áreas pouco consolidadas se aplicará a normativa viaria.

A edificación situarase na parcela illada entre medianeiras, ou acaroadada á parcela contigua se esta deixase unha medianeira consolidada ou previo acordo entre lindantes. En calquera caso, tratase de ocultar medianeiras, non criando outras novas baixo ningún concepto, respectando nos outros casos un mínimo de 3 metros a lindeiros.

Ocupación máxima na parcela: A ocupación máxima será do 35% da parcela total e co límite de 200 m². construídos por planta.

CONDICIÓN DE EDIFICABILIDADE.

Edificabilidade máxima: 0,50 m²/m².

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por cima da altura máxima.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, coma galerías e miradoiros.

As dimensións e características destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación, permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, se autorizan ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de cornisa de 3,00 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 m², e non podendo superar os 50 m².

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓN AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.



Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos empregados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a harmonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste último caso prohíbense as cores metálicas anodizados, debendo estar lacados de branco ou outro cor.

5. AFECCIÓN SECTORIAIS

A parcela non presenta afeccións sectoriais.

6. OBSERVACIÓNS

A parcela ten fronte a unha vía de titularidade municipal, incluída nos planos do PXOM, e no inventario de bens e dereitos do Concello de Ribeira, co número 140.

10.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - María Jesús Pena Veiga

Visto o escrito presentado por **María Jesús Pena Veiga**, de data 07/07/2026 (Registro de entrada nº 16.732), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3648614NH0134N0001L, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 15/07/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 3648614NH0134N0001L, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - Manuel Sampedro Orellán

Visto o escrito presentado por **Manuel Sampedro Orellán**, de data 15/07/2026 (Registro de entrada nº 17.381), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A044001090000KD, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 15/07/2026, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 15074A044001090000KD, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

12.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Francisco Sampedro Prego

Visto o escrito presentado por **José Francisco Sampedro Prego**, de data 20/07/2026 (Rexistro de entrada nº 17.763), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 9198905MH9099N0002KQ, neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 21/07/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 9198905MH9099N0002KQ, neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración dende os últimos seis anos.

13.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA - José Ignacio Sampedro Ageitos

Visto o escrito presentado por **José Ignacio Sampedro Ageitos**, de data 03/07/2026 (Rexistro de entrada nº 16.419), no que solicita certificación urbanística en relación a que os terreos con referencia catastral nº 15074A019000330000KL e 15074A019000340000KT, situados en Touro, nº 13 (Ribeira), non están afectados ao uso público ou á utilidade pública como camiño.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polos Servizos Técnicos Municipais, de data 17/07/2026, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Consultada a documentación aportada polo solicitante, Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), Inventario Municipal de Camiños e Vías, e realizadas as comprobacións oportunas; se conclúe que:


Os terreos aos que fai referencia a documentación aportada:

- Sinálanse arriba neste informe (en cor azul),
- Non figuran como propiedade ou camiño público no Inventario Municipal de Camiños e Vías.
- Non están reflexados como propiedade ou vía pública na planimetría do Plan Xeral de Ordenación Municipal. (Plano 4.12)



- Realizadas comprobacións “in situ”, non se aprecia propiedade nin camiño público sobre os terrenos os que fai referencia este informe.

Á vista dos documentos consultados e as comprobacións realizadas, pódese informar que os terrenos sinalados neste informe **non son públicos**.



14.- AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DUN RASTRIÑO DE ANTIGÜIDADES E COLECCIONISMO

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 20/07/2026, relativa á autorización para a celebración dun Rastriño de Antigüidades e Coleccionismo, na que expón:

*“Recíbese petición de José Antonio Giménez Martínez, rexistro electrónico de 07 de maio de 2026, interesando instalar un **rastrillo de antigüidades e coleccionismo** o vindeiro 9 de agosto de 2026 na Praza Porta do Sol de Ribeira, en horario de 9.00 a 21.00 horas cunha ocupación de 50 metros, actividade que ven realizando en anos anteriores. .*

Acompaña á solicitude:

Fotocopia do DNI do interesado

Certificado de seguro e Recibo de pago do Seguro de Responsabilidade Civil anual (Allianz Seguros en vigor ata 31-01-2027)

Engádese ao expediente Informe da Policía Local sobre a viabilidade da ubicación interesada para instalar este rastrillo, asinado polo Inspector Xefe, José Manuel Bretal Laranga na data 20 de xullo de 2026.

Revisado a axenda de actividades previstas neste espazo Informáse que non interfere coa programación cultural pero será necesario ter en conta a V Edición Xiradiscos do Programa A Fiestra da Cultura Ribeira 2026 que se celebrará o día anterior (sábado 8/8/2026 na Praza Porta do Sol) aos efectos de que o servizo municipal de limpeza viaria se realice con anterioridade ás 9.00 horas do domingo 9 de agosto.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



1. Autorizar a celebración deste Rastriño de Antigüidades e Coleccionismo o domingo 9 de agosto de 2026 en horario de 9.00 a 21.00 horas na Praza de Porta do Sol de Ribeira, cunha ocupación de 50 mts.
2. Trasladar este acordo aos servizos económicos para que procedan á liquidación correspondente.
3. Poñer en coñecemento dos servizos municipais de limpeza a necesidade de realizar este servizo antes das 9 horas deste día.
4. Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento

15.- APROBACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS PARA AS ENTRADAS ÁS FUNCIONS DA MOSTRA DE TEATRO DE RIBEIRA 2026

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Cultura, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/07/2026, relativa á aprobación de prezos públicos da Mostra de Teatro de Ribeira 2026, e na que expón:

“A Mostra de Teatro de Ribeira é unha das propostas estrela que se celebra cada ano dentro da programación municipal da área de cultura. Trátase dun programa de difusión das artes escénicas que fomenta a diversidade teatral e aposta polas linguaxes da dramaturxia, buscando entre os seus obxectivos achegar a creación teatral e as novas propostas escénicas a toda a poboación. As representacións terán lugar no novo Auditorio Municipal do 19 de setembro ao 11 de decembro.

Nesta edición 2026, mantense a aposta do departamento de cultura por contar con propostas de ámbito nacional, así pois o público poderá gozar da obra “Yo solo quiero irme a Francia” protagonizada pola recoñecida actriz María Galiana. Ademais neste ano, dáse un paso máis para facer medrar a mostra e contárase por primeira vez cunha agrupación de ámbito internacional, a aclamada compañía belga de teatro xestual e clown Okidok. É tamén destacable a presenza do Grupo Municipal de Teatro que será o encargado de abrir a programación co seu novo espectáculo titulado “De tal pau...”.

Agás o espectáculo do Grupo Municipal de Teatro que abrirá a mostra na xornada do sábado 19 de setembro ás 21:15 h, o resto da programación desenvolverase nos venres, ás 21:15 h. A concellería de cultura porá á venda as entradas para estas funcións, ao igual que en anos anteriores, mediante venda de bonos ou entradas individuais, excepto a obra do Grupo Municipal de Teatro que será de acceso gratuíto.

Compre destacar que o aforo máximo do salón do auditorio é de 477 persoas (473 butacas xerais e 4 espazos reservados para cadeiras de rodas – dous en patio de butacas e dous en balcón). Continuando coa práctica posta en marcha dende a inauguración destas novas instalacións, dende a organización decidiuse reservar para “protocolo e necesidades das compañías” un total de 8 butacas, así como bloquear outras 4 por motivos técnicos (acceso a cadros eléctricos e conexións para equipamento) polo que o número máximo de butacas dispoñibles para o público para a mostra será de 465. Destas 465 butacas, no caso das funcións á venda, 411 ofertaranse na modalidade de bono e 54 en modalidade de entrada individual para cada función concreta.

A entrada para cada espectáculo ao auditorio municipal farase por parte do público media hora antes do inicio de cada obra, procedendo ao peche de portas chegado o momento do comezo sen que derive ningún dereito ao espectador con bono ou entrada que quedase fóra; no caso da variación da



hora do espectáculo, a entrada realizarase media hora antes do seu inicio.

O programa de actuacións para este ano 2026 conta con trece espectáculos, doce deles á venda mediante entrada ou bono, e un (o do GMT de Ribeira) de acceso gratuíto. O calendario é o que se detalla a continuación:

"DE TAL PAU..." GMT de Ribeira	19 de setembro
"MANUAL DE PATRONAXE" Teatro do Noroeste	25 de setembro
"YO SOLO QUIERO IRME A FRANCIA" Contraproducións	2 de outubro
"COMED[IA]" Píscore	9 de outubro
"OS DOUS DE SEMPRE" Producións teatrais excéntricas	16 de outubro
"JASTAC JAPI JOLIDAIS" Leti da Taberna	23 de outubro
"RECONVERSIÓN" Ibuprofeno teatro	30 de outubro
"BERNARDA" Malasombra producións	6 de novembro
"O MEU PAI NACEU O MESMO ANO QUE MICK JAGGER" Tarabela Creativa	13 de novembro
"SLIPS" Okidok	20 de novembro
"A LOUCA HISTORIA DE GALICIA" Fulano, Mengano e Citano	27 de novembro
"NAS NUBES" Redrum teatro	4 de decembro
"GO ON!" 42 norte	11 de decembro

Normativa de adquisición de entradas/bonos e prezo público:

- As obras/funcións que se porán á venda son 12, sendo gratuíta a función do Grupo Municipal de Teatro.
- O prazo para a venda dos bonos e entradas iniciarase o 2 de setembro en ambos casos (tanto para bonos como para entradas), e continuará segundo a seguinte previsión:
 - o Venda de bonos do 2 de setembro ata o 9 de outubro (ou ata esgotarse)
 - o Venda de entrada individual do 2 de setembro ata o 11 de decembro (ou ata esgotarse para cada función)
 - o Unha vez rematado o prazo para a venda de bonos (9 de outubro), no caso de non esgotarse, transformaranse en entradas individuais e procederán a venderse nesa modalidade.
- As entradas e bonos poderán adquirirse nos prazos indicados no punto anterior de forma online a través da billeteira de ABANCA e o pago realizarase nesa plataforma mediante tarxeta bancaria. Dende o Concello facilitarase e asistirse á veciñanza no acceso a esta plataforma de venda online, especialmente a aquelas persoas que polas súas dificultades específicas non poidan facelo de xeito autónomo, para o cal deberán dirixirse nos prazos indicados no primeiro punto á Oficina de Atención Cidadá (OAC) do Concello de Ribeira, de luns a venres de 9:30h a 14:00h, sendo igualmente necesario o pago mediante tarxeta bancaria e a través da mesma plataforma de ABANCA.
- O prezo público para a entrada individual fíxase en 4,95€ (cantidade exenta de IVE en virtude do artigo 20.1 da Lei 37/1992 de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido), incrementada



dita cantidade en 0,50 € en concepto de comisión da entidade bancaria (comisión que aboará o comprador directamente á entidade bancaria), polo que o importe total para o público por entrada individual será de 5,45 €.

- O prezo público para o bono para toda a mostra fíxase en 35,00 € (cantidade exenta de IVE en virtude do artigo 20.1 da Lei 37/1992 de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor engadido), cantidade que se incrementará en 3,50 € en concepto de comisión da entidade bancaria (comisión que aboará o comprador directamente á entidade bancaria), polo que o importe total para o público por bono será de 38,50 €.
- A imposibilidade do comprador de asistir ao espectáculo por causas alleas á organización e/ ou o erro ao realizar a compra da entrada/bono non serán motivos válidos para solicitar a devolución do importe. Unha vez adquirida a entrada ou bono, unicamente se devolverá o seu importe en caso de cancelación do evento e previo informe da área de cultura de dita circunstancia.
- A asignación das butacas poderase escoller por parte do espectador/a, no momento da adquisición do bono ou entrada, sobre plano e mentres haxa dispoñibilidade. No caso de localidades específicas para persoas con mobilidade reducida, discapacidades ou neurodiversidades, a adquisición nesta modalidade sen cumprir coa condición necesaria impedirá o acceso ao recinto. Para iso a organización poderá requirir, no momento do acceso ás instalacións, a documentación acreditativa de ditas circunstancias se o considera oportuno (certificado de discapacidade).
- O bono dará dereito á entrada ás 12 funcións da mostra agás a función do Grupo municipal de teatro, debendo amosalo cando lle sexa requirido pola organización.
- A entrada ou bono dará dereito á reserva da butaca seleccionada, o acceso á sala do Auditorio e ao goce unicamente da representación teatral para a que foi expedida (excepto para a función do Grupo Municipal de Teatro) e perderá validez unha vez comezada a función e pechadas as portas do salón de actos non habendo lugar a reclamacións.
- Cada entrada ou bono levará asignado un número de butaca do salón de actos do auditorio, que será o que deba ocupar o/a espectador/a. Por causa de forza maior a organización poderá reasignar as butacas previo aviso á persoa interesada.
- As butacas cuxa reserva fose vendida previamente por entrada ou bono e non sexa ocupada nalgunha función permanecerá baleira e non será cuberta por ningunha causa exceptuando motivos de organización ou necesidade protocolaria.

Relación ingreso/ gasto e xustificación:

Á vista dos prezos indicados no punto anterior o ingreso máximo por prezo público sería de **17.592,60 €** tendo en conta que se porán á disposición do público 465 butacas (411 bonos e 54 entradas) para doce funcións. O cálculo realizado sería o seguinte en termos absolutos:

Nº funcións á venda Mostra de Teatro 2026	Nº máximo entradas/función	Prezo público /entrada (sen iva e sen comisión bancaria)	Ingreso máximo por venda de entradas
12	54	4,95 €	3.207,60 €
	Nº máximo bonos para toda a mostra		
	411	35,00 €	14.385, 00 €
	INGRESO MÁXIMO		17.592,60 €

En canto aos gastos para esta MOSTRA DE TEATRO 2026, relacionase a continuación o custo dos cachés e equipamentos dos espectáculos, debendo indicar o seguinte:

- Catro son espectáculos de contratación directa: Slips, Yo solo quiero irme a Francia, Jastac japi Holidais e Manual de patronaxe.
- O espectáculo do GMT é de produción propia da compañía municipal.
- Oito son espectáculos que foron seleccionados a través da Rede Cultural da Deputación da Coruña e concedidos mediante resolución publicada no BOP Nº 71, do 17/04/2026.



	Título da Obra	Caché total (€)	Aportación do Concello (60% nas representacións da Rede Cultural e 100% nas de contratación directa)
1	"DE TAL PAU..." GMT de Ribeira	0	0 € Sen custo de cache para Concello
2	"MANUAL DE PATRONAXE" Teatro do Noroeste	2.901,00 (Axudas á distribución)	2.901,00 €
3	"YO SOLO QUIERO IRME A FRANCIA" Contraproducións	7.139,00	7.139,00 €
4	"COMED[IA]" Píscore	2.541,00	1.524,60 €
5	"OS DOUS DE SEMPRE" Producións teatrais excéntricas	3.267,00	1.960,20 €
6	"JASTAC JAPI JOLIDAI" Leti da Taberna	2.145,00	2.145,00 €
7	"RECONVERSIÓN" Ibuprofeno teatro	6.050,00	3.630,00 €
8	"BERNARDA" Malasombra producións	3.146,00	1.887,60 €
9	"O MEU PAI NACEU O MESMO ANO QUE MICK JAGGER" Tarabela Creativa	3.338,00	2.002,80 €
10	"SLIPS" Okidok	4.235,00	4.235,00 €
11	"A LOUCA HISTORIA DE GALICIA" Fulano, Mengano e Citano	3.100,90	1.860,54 €
12	"NAS NUBES" Redrum teatro	2.904,00	1.742,40 €
13	"GO ON!" 42 norte	1.815,00	1.089,00 €
APORTACIÓN CONCELLO			31.028,14 €

En canto ao resto de custos derivados da posta en marcha desta programación son os seguintes: CARTELERÍA/IMPRESA, ASISTENCIAS TÉCNICAS, CARGA E DESCARGA, que ascende a unha cantidade de 6.148,37 €.

Polo tanto o custo total derivado das actuacións da Mostra de Teatro 2026 é de 37.176,51 €, o que pon de manifesto a existencia dun desequilibrio entre ingresos e gastos, se ben cómpre indicar o seguinte ao respecto:

- 1.- Este desequilibrio pode ser sufragado con cargo aos créditos orzamentarios do Departamento de Cultura.
- 2.- Débense ter en conta as evidentes razóns de interese público que sustentan a actividade cultural do Concello, e moi especialmente o programa de representacións teatrais obxecto deste expediente, o que xustifica que este prezo público non se eleve ata importes que permitan financiar a totalidade do gasto; e acolléndose á posibilidade contemplada na ordenanza municipal C3 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outra actividade de carácter deportivo e sociocultural no seu artigo 4.
- 3.- A posta en marcha deste prezo ten entre os seus principais obxectivos o de acadar unha mellor xestión do fluxo de asistentes ás representacións, considerándose por elo convinte establecer os seus importes en contías que non teñan carácter disuasorio."



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar a celebración desta programación de teatro.
- Aprobar o prezo público sinalado para cada representación teatral e para o bono para a totalidade da mostra.
- Aprobar a normativa de adquisición das entradas así como para a posta en marcha da billeteira electrónica con Ataquilla de Abanca.

16.- RESOLUCIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A CONVOCATORIA E BASES XERAIS REGULADORAS DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD, POR PROMOCIÓN INTERNA, DUNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A RESPONSABLE DA UNIDADE ADMINISTRATIVA DA ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS, EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2024

En relación ó recurso de reposición presentado por D. David Cabaleiro Riveiro, mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/05/2026 co número 202600011158, contra a convocatoria e bases xerais reguladoras do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, por promoción interna, dunha praza de AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A responsable da unidade administrativa da área de servizos sociais, en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2024, e en base ós seguintes:

ANTECEDENTES

1. Por Decreto da Alcaldía de data 17/12/2024 resolveuse aprobar a oferta de emprego público do concello de Ribeira para o ano 2024, que comprende, entre outras, a praza de auxiliar administrativo/a responsable da unidade administrativa da área de servizos sociais, a cubrir mediante promoción interna.
A citada oferta foi publicada no BOP número 245 do 20/12/2024 e no DOG número 6 do 10/01/2025.
2. Mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 26/03/2026, aprobáronse as bases xerais reguladoras do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, por promoción interna, dunha praza de auxiliar administrativo/a responsable da unidade administrativa da área de servizos xerais, en desenvolvemento da mencionada oferta de emprego público.
As bases foron publicadas no BOP número 66 de data 10/04/2026, así como no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), e a convocatoria foi publicada no BOP antes citado, no taboleiro de anuncios e no DOG número 82 de data 05/05/2026.
3. Mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/05/2026 co número 202600011158, D. David Cabaleiro Riveiro, presenta recurso de reposición contra a convocatoria e as bases antes referidas, polos motivos que mais adiante se dirán.
4. Por Providencia da Alcaldía de data 15/05/2026, dispónse ter por presentado o recurso anteriormente referido, dentro do prazo previsto no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e requirir ó departamento de recursos humanos a emisión de informe sobre o fondo do recurso interposto.
5. En informe xurídico emitido na data 15/05/2026 en relación ó procedemento a seguir, dáse conta da necesidade de dar traslado do recurso ós demais



interesados/as mediante a publicación dun anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica), dando conta da existencia do recurso e outorgando un prazo non inferior a 10 días nin superior a 15 para a presentación de alegacións.

O anuncio foi publicado no BOP número 93 de data 20/05/2026, así como no taboleiro de anuncios dende a data 20/05/2026 ata o día 20/06/2026, tal e como consta en certificado de exposición emitido na data 30/06/2026.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación básica aplicable é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Ribeira.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.-

É de aplicación o regulado no Capítulo II do Título V da LPACAP, que regula os recursos administrativos e, en especial, os artigos 123 e 124 relativos ó recurso potestativo de reposición.

O artigo 115 regula os datos que debe expresar o recurso, a saber: nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo; acto que se recorre e a razón da súa impugnación; lugar, data e sinatura do recorrente, identificación do medio e, no seu caso, do lugar que se sinala a efectos de notificacións; órgano, centro ou unidade administrativa ó que se dirixe e o seu correspondente código de identificación; e as demais particularidades esixidas, no seu caso, polas disposicións específicas; sen que o erro ou a ausencia de cualificación do recurso por parte do recorrente sexa un obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter. Os vicios e defectos que fagan anulable un acto non poderán ser alegados por quen os causara.

As causas de non admisión do recurso veñen reguladas no artigo 116:

- Ser incompetente o órgano administrativo, cando o competente pertencera a outra Administración Pública, en cuxo caso o recurso deberá remitirse ó órgano competente, de conformidade co establecido no artigo 14.1 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Carecer de lexitimación o recorrente.
- Trátase dun acto non susceptible de recurso.
- Ter transcorrido o prazo para a interposición do recurso.
- Carecer o recurso manifestamente de fundamento.

Pola súa parte, o artigo 118 esixe que se dea audiencia ós interesados, nun prazo non inferior a dez días nin superior a quince, para que formulen as alegacións e presenten os documentos e xustificantes que estimen procedentes, so cando haxan de terse en conta



novos feitos ou documentos non recollidos no expediente orixinario; a estes efectos non se terán en conta na resolución os feitos, documentos ou alegacións do recorrente, que puideran terse aportado no trámite de alegacións, nin terán o carácter de documentos novos o recurso, nin os informes, nin as propostas para resolvelo, e tampouco os documentos que os interesados aportaran ó expediente antes de recaer a resolución impugnada.

Así mesmo, o artigo 118.2 esixe que cando haxa outros interesados se lles dea traslado do recurso para que no prazo citado no apartado 1º, aleguen canto estimen procedente.

De conformidade co artigo 119.1, a resolución do recurso pode estimar, en todo ou en parte, ou desestimar as pretensións formuladas no mesmo, ou declarar a súa inadmisión. Non obstante, cando exista vicio de forma e non se estime procedente resolver sobre o fondo, en cumprimento do artigo 119.2 ordenarase a retroacción do procedemento ó momento no que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente poda acordarse a convalidación de actuacións polo órgano competente para o caso, de conformidade co disposto no artigo 52 da LPACAP.

O órgano que resolva o recurso decidirá cantas cuestións, tanto de forma como de fondo, plantee o procedemento, foran alegadas ou non polos interesados. Neste último caso, oíráselles previamente. Non obstante, a resolución será congruente coas peticións formuladas polo recorrente, sen que en ningún caso poida agravarse a súa situación inicial (artigo 119.3 LPACAP).

O artigo 123.1 establece que os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os houbera ditado ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa, sen que poida interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, si o acto fora expreso. Transcorrido dito prazo, unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo, no seu caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión. Si o acto non fora expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto (artigo 124.1 LPACAP).

O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes (artigo 124.2 LPACAP). Contra a resolución dun recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo dito recurso (artigo 124.3 LPACAP).

Segunda.-

O recurso de reposición presentado polo Sr. Cabaleiro Riveiro presentouse dentro do prazo previsto no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O escrito de interposición contén os datos esixidos no artigo 115 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Non se da causa de non admisión das recollidas no artigo 116 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Non procede dar trámite de audiencia ó recorrente por canto non existen novos feitos ou novos documentos non recollidos no expediente orixinario.

Enténdense que existen outros interesados no procedemento, entendendo por tal ás persoas aspirantes que presentaron a súa instancia para participar no mencionado proceso selectivo, polo que, de conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 118 da LPACAP, publicouse anuncio dando conta da interposición do recurso e outorgando un prazo de 10 días para a presentación de cantas alegacións estimasen convenientes.

Terceira.-

O primeiro dos motivos que alega o recorrente no seu recurso de reposición, é que a praza de auxiliar administrativo responsable da unidade da área de servizos sociais non pode ser ocupada por persoal laboral senón por persoal funcionario de carreira, fundamentado a súa alegación no disposto, entre outros, no artigo 169.1 do texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, así como en varias sentenzas do Tribunal Supremo, en concreto as sentenzas de data 09/07/2012 e de data 26/03/2014, da Sección 7ª da Sala do Contencioso-Administrativo, e a sentenza de data 19/10/2005 ditada no procedemento de casación 6033/1999.

Non obstante, esquece o recorrente que a citada praza está incluída no cadro de persoal laboral do orzamento xeral do Concello de Ribeira para o ano 2025 (prorrogado para o ano 2026 na data de aprobación das bases da convocatoria), que foi aprobado por acordo do Pleno da Corporación en sesión de data 26/11/2025, e publicado no BOP número 248 de data 29/12/2025, así como na Relación de Postos de Traballo definitivamente aprobada por acordo plenario de data 27/03/2023, e publicada no BOP número 65 de data 04/04/2023, coa característica de posto reservado a persoal laboral, polo que de estarse a incumprir co disposto no artigo 169.1 do TRRL o recorrente debeu presentar no prazo legalmente establecido o correspondente recurso administrativo ou xudicial contra a Relación de Postos de Traballo, non constando que así o fixera.

Como consecuencia, **non procede atender a esta alegación por canto as bases que han de rexer un proceso selectivo para a cobertura en propiedade dunha praza ou posto han de sustentarse nas características recollidas no citado instrumento de ordenación do persoal para a praza ou posto que se convoca.**

Cuarta.-

O segundo dos motivos que aduce o recorrente, é a participación no proceso selectivo dun empregado do Concello de Ribeira que, segundo a súa opinión, non cumpre os requisitos esixidos na normativa de aplicación, en concreto no disposto no artigo 18.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), e que dispón o seguinte en relación á promoción interna dos funcionarios de carreira: *“Los funcionarios deberán poseer los requisitos exigidos para el ingreso, tener una antigüedad de, al menos dos años de servicio activo en el inferior Subgrupo, o Grupo de clasificación profesional, en el supuesto de que este no tenga Subgrupo y superar las correspondientes pruebas selectivas”*.



Pois ben, non deixa de causar certo estupor o motivo esgrimido polo Sr. Cabaleiro Riveiro para recorrer as bases da convocatoria, tanto pola súa visión futurista en relación ás circunstancias dun suposto aspirante ó proceso selectivo, como á falla de consideración cara o mesmo, o que pon en dúbida o cumprimento, pola súa parte, do código de conduta ó que deben someterse todos/as os/as empregados/as públicos, configurado por unha serie de deberes entre os que se atopa o deber de tratar con atención e respecto os cidadáns, os seus superiores e os restantes empregados públicos (artigo 74 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

O feito de que un/unha aspirante non cumpra os requisitos esixidos nas bases da convocatoria non pode ser motivo de impugnación das mesmas. Neste caso, habería que presentar as alegacións oportunas á lista provisional de admitidos/as e excluídos/as ou o correspondente recurso administrativo ou xudicial á lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, para o caso de que se admita como partícipe dun proceso selectivo a quen non cumpre os requisitos esixidos no mesmo.

Como consecuencia, **non procede atender a esta alegación.**

Quinta.-

O terceiro dos motivos alegados polo reclamante é a vulneración do dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos cos requisitos sinalados legalmente: artigos 14 e 23.2 en relación co artigo 103 da CE.

Entende que as bases da convocatoria son nulas de pleno dereito en relación co requisito para poder participar no proceso selectivo que se recolle na Base 2ª apartado e), e que dispón o seguinte: *“Ter prestado servizos efectivos como persoal laboral fixo pertencente ó grupo V desde o que se promociona, durante un período mínimo de dous anos”*. O que segundo o seu entender vulnera o dereito fundamental do recorrente a acceder en condicións de igualdade á praza convocada, posto que se está a impedir que concorran ó proceso selectivo o persoal da administración convocante con vínculo funcional, como é o seu caso.

A este respecto, o artigo 19.2 do TREBEP sinala que: *“a carreira profesional e a promoción do persoal laboral farase efectiva a través dos procedementos previstos no Estatuto dos Traballadores ou nos convenios colectivos”*.

Pois ben, o artigo 24.1 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (TRET), estipula: *“Os ascensos dentro do sistema de clasificación profesional produciranse conforme ó que se estableza en convenio ou, no seu defecto, en acordo colectivo entre a empresa e os representantes dos traballadores. En todo caso os ascensos produciranse tendo en conta a formación, méritos, antigüidade do traballador, así como as facultades organizativas do empresario.”*

O artigo 28.2 do Regulamento Xeral do Ingreso do Persoal ó servizo da Administración xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado, aprobado por Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, dispón que: *“a promoción interna ou de cobertura de vacantes do persoal laboral que non sexa de novo ingreso rexeráse polos seus convenios colectivos ou normativa específica. As correspondentes convocatorias precisarán do informe favorable da Dirección Xeral das Función Pública.”*



Pola súa parte, o artigo 83 do TREBEP sinala que: *“a provisión de postos e mobilidade do persoal laboral realizárase de conformidade co que establezan os convenios colectivos que sexan de aplicación e, no seu defecto polo sistema de provisión de postos e mobilidade do persoal funcionario de carreira.”*

En vista de todo o anterior, haberá que estar ó que sinale o convenio colectivo ou as regras que se establezan no seo da negociación colectiva e, no seu defecto, serán de aplicación as regras do sistema de provisión de postos e mobilidade do persoal funcionario de carreira.

Neste sentido, o artigo 40.4 do Convenio Colectivo do Concello de Ribeira para persoal laboral, nos seus apartados 1 e 2, dispón o seguinte en canto á promoción interna vertical: *“1. A promoción interna consiste no ascenso desde un corpo ou escala dun subgrupo, ou grupo de clasificación profesional no caso de que esta non teña subgrupo, a outro superior. 2. Os/as empregados/as deberán posuír os requisitos esixidos para o ingreso, ter unha antigüidade de, polo menos, dous anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional, no caso de que esta non teña subgrupo, e superar as correspondentes probas selectivas.”*

É dicir, o convenio colectivo recolle os mesmos requisitos que para o persoal funcionario, esixindo que o empregado público que queira participar nun proceso de promoción interna teña unha antigüidade de dous anos de servizo activo no inferior subgrupo, ou grupo de clasificación profesional con respecto ó que se pretende promocionar, requisito que non cumpre o Sr. Cabaleiro Riveiro, que ostenta a condición de funcionario de carreira pertencente ó grupo C, subgrupo C2, isto é, non pertence a un subgrupo inferior ó que se pretende promocionar, ou grupo de clasificación profesional inferior de persoal laboral, porque non ten esta condición.

Cómpre aclarar que a praza obxecto da convocatoria pertence ó grupo IV, do persoal laboral, e a praza da que é titular o recorrente pertence ó grupo C, subgrupo C2, do persoal funcionario, ambas con nivel 18, é dicir, son prazas equivalentes, sen que a praza obxecto de promoción interna sexa dun grupo de clasificación profesional ou subgrupo superior á praza da que é titular o Sr. Cabaleiro Riveiro, tal e como interpreta erroneamente no recurso interposto.

Como consecuencia, **non procede atender a esta alegación.**

Sexta.-

Cómpre precisar que o recorrente solicita a suspensión da execución do acto administrativo impugnado, por entender que concorren as seguintes infraccións ó ordenamento xurídico:

- Vulneración das previsións contidas no TREBEP.
- Vulneración das previsións contidas no Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Ribeira.
- Vulneración do dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos, cos requisitos sinalados legalmente: artigos 14 e 23.2 en relación co artigo 103 da CE.

A este respecto compre ter en conta que a execución do acto impugnado entenderase suspendida si transcorrido un mes desde que a solicitude de suspensión tivera entrada no rexistro electrónico da Administración u Organismo competente para decidir sobre a mesma, o órgano a quen lle corresponda resolver o recurso no ten ditado e notificado



resolución expresa ó respecto. Nestes casos, non será de aplicación o establecido no artigo 21.4 segundo parágrafo da LPACAP (Artigo 117.3 LPACAP).

Ó ditar o acordo de suspensión poderán adoptarse as medidas cautelares que sexan necesarias para asegurar a protección do interese público ou de terceiros e a eficacia da resolución ou do acto impugnado. Cando da suspensión poidan derivarse prexuízos de calquera natureza, aquela so producirá efectos previa prestación de caución ou garantía suficiente para responder deles, nos termos establecidos regulamentariamente. A suspensión prolongarase despois de esgotada a vía administrativa cando, solicitándoo previamente o interesado, exista medida cautelar e os efectos desta se estendan á vía contencioso-administrativa. Si o interesado interpuxera recurso contencioso-administrativo, solicitando a suspensión do acto obxecto do proceso, manterase a suspensión ata que se produza o correspondente pronunciamento xudicial sobre a solicitude. Cando o recurso teña por obxecto a impugnación dun acto administrativo que afecte a unha pluralidade indeterminada de persoas, a suspensión da súa eficacia haberá de ser publicada nun xornal oficial no que aquel se insertou (artigo 117. 4º e 5º LPACAP).

Non consta no expediente que o órgano competente para a resolución do recurso de reposición ditara e notificara resolución expresa sobre a solicitude de suspensión realizada polo recorrente no prazo indicado na citada normativa, polo que, en aplicación da mesma, a execución do acto impugnado enténdese suspendida ata a resolución do recurso de reposición interposto.

Sétima.-

Corresponde resolver o recurso de reposición á Xunta de Goberno Local, en virtude do disposto no artigo 123.1 da LPACAP.

Polo exposto, **visto** o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 17/07/2026, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Desestimar o recurso de reposición interposto por D. David Cabaleiro Riveiro mediante escrito rexistrado de entrada na data 11/05/2026 co número 202600011158 contra a convocatoria e as bases xerais reguladoras do proceso selectivo para a cobertura en propiedade, por promoción interna, dunha praza de auxiliar administrativo/a responsable da unidade administrativa da área de servizos sociais, en desenvolvemento da OPE 2024 (Expediente 2026 PSEL000011), polos motivos e consideracións expostos no presente informe-proposta de resolución que se dan aquí por reproducidos.

SEGUNDO.- Levantar a suspensión do procedemento administrativo correspondente ó proceso selectivo para cubrir en propiedade, por promoción interna, unha praza de auxiliar administrativo/a responsable da unidade administrativa da área de servizos sociais, en desenvolvemento da oferta de emprego público do ano 2024, que se está a tramitar co número 2026 PSEL000011, entendida por silencio administrativo en aplicación do artigo 117.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución ó recorrente, así como as demais partes interesadas, de as houber, significándolle que contra esta resolución no cabe outro recurso administrativo, agás o recurso extraordinario de revisión, nos casos establecidos no artigo 125.1 da Lei 39/2015.



17.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Daniel Miniño Millán (PRAIA TOURO)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Daniel Miniño Millán** en representación establecemento **“Chiringuito Praia do Touro”** (Ribeira), de data 14/07/2026 (Rexistro de entrada nº 17.292), nos que solicita permiso para a celebración de evento musical no exterior do establecemento hostaleiro **“Chiringuito Praia do Touro”** (Ribeira), o día 01/08/2026, en horario de 14:00 h. a 18:00 h.

18.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN EXTERIOR DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Daniel Miniño Millán (AREA SECADA)

A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito presentado por **Daniel Miniño Millán** en representación establecemento **“Chiringuito Area Secada”** (Ribeira), de data 14/07/2026 (Rexistro de entrada nº 17.293), nos que solicita permiso para a celebración de evento musical no exterior do establecemento hostaleiro **“Chiringuito Area Secada”** (Ribeira), o día 01/08/2026, en horario de 18:00 h. a 22:00 h.

19.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO TEMPORAL DA AULA DE COCIÑA DO MERCADO MUNICIPAL DE RIBEIRA – Asociación veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira

Visto o escrito presentado por María Ventura Sampedro Rego en representación da **Asociación veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira**, de data 17/07/2026 (Rexistro de entrada nº 17.640), no que solicita autorización para a cesión de uso temporal da aula de cociña do Mercado Municipal de Ribeira os días 07, 08 e 09/08/2026, en horario de 10:00 h. a 20:00 h., e 10:00 h. a 15:00 h. o día 09/08/2026, co motivo da realización dun obradoiro de receitas saudables, co fin de fomentar hábitos alimentarios saudables e promover o aproveitamento responsable dos produtos recollidos na horta comunitaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a cesión de uso temporal da aula de cociña do Mercado Municipal de Ribeira os días 07, 08 e 09/08/2026, en horario de 10:00 h. a 20:00 h., e 10:00 h. a 15:00 h. o día 09/08/2026, co motivo da realización dun obradoiro de receitas saudables, co fin de fomentar hábitos alimentarios saudables e promover o aproveitamento responsable dos produtos recollidos na horta comunitaria.
- Unha vez rematada a actividade deberán deixar o espazo completamente limpo.



20.- AUTORIZACIÓN USO TEMPORAL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ADSCRITAS AO DEPARTAMENTO DE CULTURA

Vista a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Turismo e Igualdade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 21/07/2026, relativa á autorización de uso temporal de instalacións municipais adscritas ao Departamento de Cultura, na que expón:

“Recíbese solicitude presentada por María Ventura Sampedro Rego, sede electrónica núm. 2026 15583 de data 23 de xuño de 2026, en nome da Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira, interesando a disposición de uso temporal da seguinte instalación con motivo da celebración de actividades que se indican:

- *Instalación: Casa da Cultura de Carreira*

- *Calendario: xullo e agosto 2026*

- *Actividades:*

- *Canto (luns de 16.00 a 18.00h)*
- *Calceta (mércores de 19.00 a 20.00h)*
- *Pandereta (luns, martes e venres de 19.00 a 21.00h)*
- *Taichi (luns e mércores de 19.00 a 20.00h)*
- *Costura (xoves de 17.00 a 19.30h)*
- *Memoria (xoves de 20.00 a 22.00h)*

Considerando que:

O Concello de Ribeira apoia a celebración de actos promovidos polo tecido asociativo principalmente proporcionando espazos, apoio loxístico, recursos que permitan a realización dos eventos culturais, educativos, artísticos etc. ao tempo de asegurar que as instalacións municipais benefician ao maior número de cidadáns.

Tendo en conta o artigo 125 do regulamento para a execución da Lei do patrimonio da Comunidade Autónoma Galega, aprobada por Decreto 50/1989, de 9 de marzo, que permite analoxicamente a utilización temporal de bens, levando implícita a cláusula de precariedade e podendo revogarse en calquera momento pola Administración, sen que o/a interesado/a teña dereito a indemnización algunha.

Conclusión:

Emítase INFORME Favorable de Uso Temporal da Casa de Cultura de Carreira co obxecto de celebrar os actos no calendario mencionado que son organizados pola Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar o Uso Temporal da seguinte instalación municipal para celebrar os actos organizados a instancia da Asociación Veciñal, Cultural e Prestadora de Servizos á Mocidade de Carreira:
 - Casa da Cultura de Carreira
 - Calendario: xullo e agosto 2026
 - Actividades:
 - Canto (luns de 16.00 a 18.00h)
 - Calceta (mércores de 19.00 a 20.00h)
 - Pandereta (luns, martes e venres de 19.00 a 21.00h)
 - Taichi (luns e mércores de 19.00 a 20.00h)
 - Costura (xoves de 17.00 a 19.30h)
 - Memoria (xoves de 20.00 a 22.00h)



- Na difusión e publicidade das actividades deberá inserir o logo identificativo do Concello de Ribeira que lle facemos chegar ao correo electrónico indicado na solicitude. Poderá remitir esta publicidade, cartelería dixital, ao enderezo culturaefestexos@ribeira.gal.
- Notificar o acordo a entidade solicitante xunto coas Condicións de Uso que se indican:

CONDICIÓN DE USO

1. As condicións de uso estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).
2. A dispoñibilidade da instalación está condicionada á programación que puidera ter lugar no calendario reservado, motivo polo que se lle comunicará coa antelación suficiente para a boa organización de todos.
3. Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.
4. En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.
5. Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, dereitos de autor, adornos e outros).
6. Respetar o aforo da instalación.
7. Lémbrese á entidade organizadora que deberá cumprir co establecido na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, así como o Decreto 226/2022, e o resto de normativa vixente en materia de orde pública e seguridade cidadá.

Na aceptación destas condicións e medidas, deberá achegar asinada unha Declaración de Responsabilidade que poderá entregar nas oficinas municipais de cultura, presencialmente ou a través do enderezo electrónico deste departamento: culturaefestexos@ribeira.gal.

21.- SOLICITUDE DE COLABORACIÓN MUNICIPAL DURANTE A CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE PALMEIRA – Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira

Visto o escrito presentado por Ángela Martínez Pérez en representación da **Asociación Cultural e Deportiva Comisión de Festas Amigos de Palmeira**, de data 21/07/2026 (Registro de entrada nº 17.833), no que solicita a colaboración municipal durante a celebración das Festas de Palmeira, os días 07 a 09/08/2026, relativa a zonas de estacionamento, limpeza viaria e reforzo de contenedores RSU, corte de estradas, reubicación temporal de parada de taxis e valados na explanada do porto.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Dar traslado desta solicitude á Policía Local para que emitan informe ao respecto.



22.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE CARTELERÍA PUBLICITARIA – Cofradía de Pescadores de Carreira e Aguiño

Visto o escrito presentado por José Antonio Santamaría Sampedro en representación da **Cofradía de Pescadores de Carreira e Aguiño**, de data 21/07/2026 (Rexistro de entrada nº 17.841), no que solicita autorización para a instalación de carteis publicitarios da XXVII edición da Festa do Percebe de Aguiño en diferentes lugares do concello.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación de carteis publicitarios da XXVII edición da Festa do Percebe de Aguiño en diferentes lugares do concello.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

23.- ACORDO DE CAMBIO DA MODALIDADE DE PAGAMENTO DUNHA AXUDA ECOMÓMICA DE APOIO RECOLLIDA NA “ORDENANZA REGULADORA DAS MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL DO CONCELLO DE RIBEIRA”. BOP Nº 27, DE 11 DE FEBREIRO DE 2016.

EXPEDIENTE: Nº 2026/AIS000030

Referido a don/a D.J.S.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

I. ANTECEDENTES DE FEITO

1. **Primeiro.**— Con data de 25 de maio de 2026, tramitouse a solicitude de a necesidade de gastos de necesidades básicas en vivenda habitual, presentada por don/a D.J.S.
2. **Segundo.**— Consta no expediente o informe social emitido pola traballadora social María Francisca Vidal Regueira, con data 9 de xuño de 2026, no que se xustifica a necesidade e a viabilidade da proposta ao amparo da ordenanza municipal de medidas de apoio ao Programa de Inclusión Social do Concello de Ribeira
3. **Terceiro.**— Así mesmo, incorpórase os correspondentes orzamentos de gasto. Á vista das circunstancias concorrentes e coa finalidade de garantir que a axuda se destine ao fin para o que foi concedida, considérase conveniente modificar a modalidade de pagamento, realizando o aboamento directamente aso provedores.
4. **Cuarto.**—A persoa beneficiaria manifesta expresamente a súa conformidade con esta modalidade de pagamento e autoriza ao Concello para realizar as actuacións necesarias para a xestión e pagamento directo aos provedores.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

- **Primeiro.**— Artigo 21 e 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coas competencias atribuídas á Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldesa.
- **Segundo.**— Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



- **Terceiro.**— ordenanza reguladora das medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira”.
- **Cuarto.**—De conformidade co establecido na normativa reugladora das axudas económicas municipais e demais normativa de aplicación, cando concorran razóns de interese social ou resulta necesario garantir a correcta aplicación da axuda, poderá autorizarse que o pagamento se efectúe directamente aos provedores dos bens ou servizos, logo da autorización expresa da persoa beneficiaria .

Visto canto antecede, e de conformidade co informe técnico que obra no expediente, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.— **Aprobar** o cambio de modalidade de pagamento da axuda concedida/solicitada por don/a D.J.S., substituíndo o pagamento directo á persoa beneficiaria polo pagamento directo aos provedores que figuran no expediente.

SEGUNDO.— **Autorizar** ao concello para realizar a xestión administrativa e o pagamento directo aos provedores correspondentes, polos importes que resulten debidamente xustificadas, con cargo á axuda concedida.

TERCEIRO.— **Notificar** o presente acordo á persoa interesada, e incorporalo ao expediente para os efectos oportunos.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:20 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

